

2021

I TRAIL PEREIRO e ANDAINA “Ruta Sicenata Pacata” REGULAMENTO

facebook.com/I TRAIL PEREIRO E ANDAINA. RUTA SICIPENATA PACATA.

Ruta +900 mll.

TRAIL 17k
PEREIRO
SICIPENATA PACATA
Andaina 7k
30 xaneiro 2022

concello do
Pereiro

Colaboran

Inorde

Asociación de Veciños
"SANTA CRISTINA"
Vilariño - Pereiro de Aguiar

GalTiming

Proba Solidaria
anedia
...o beneficio de...

Organiza : **Asociación de nenas, nenos e xente nova con diabetes** **anedia**

2-12-2021

I TRAIL PEREIRO e ANDAINA “Ruta Sicenata Pacata” - Regulamento

1.- LUGAR, DATA E HORA:

Lugar: A saída e chegada terá lugar no Campo de

Fútbol de O Medo – Vilariño (Pereiro de Aguiar)

OURENSE.

Data: Domingo, 30 de Xaneiro do 2022

Hora: Saída TRAIL 17k 10:00h Saída Andaina 7k: 10:30h

Esta edición cumprirá en todo momento coas recomendacións establecidas para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade provocada pola COVID-19, e en función da evolución da pandemia estará sometida, en todo caso, ao cumprimento das normas de prevención da COVID19 que establezan as autoridades sanitarias en cada momento. Polo que a organización, por causas de forza maior, reservaranse o dereito de realizar os cambios, que serán comunicados e difundidos entre as persoas inscritas, para o seu coñecemento.

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN Todo participante declara que ten lido, entendido, aceptado e se compromete a cumprir o protocolo de prevención COVID-19 desta proba, colaborando en todo o posible coa Organización. No caso de ter síntomas compatibles coa COVID-19 ou ter estado en contacto con algún positivo nos últimos 10 días non pode presentarse na recollida do dorsal ou na proba deportiva.

2.- A PROBA:

Proba amateur con saída e chegada no Campo de Fútbol de o Medo – Vilariño (Pereiro de Aguiar) Ourense. O percorrido discorrerá polos montes do Concello de Pereiro de Aguiar, sendo o paso pola “Ruta Sicenata Pacata” dos montes de Vilariño e Parada a parte central do percorrido, tanto do Trail como da Andaina. Pasaremos por distintas carballeiras, soutos, camiños etc.

Descubriremos a pedra “das letras” que posúe a misteriosa inscrición *Sicenata Pacata* que Ferro Couselo e outros especialistas vincularon coa conquista destas terras por parte do exército romano. Na proba subirá o Castelo o punto máis alto da Ruta *Sicenata Pacata*.

Non o dubidedes. Apuntadevos ó noso trail que seguro que repetiredes para o ano.

A proba constará de:

TRAIL 17K (+900m aproximadamente)
ANDAINA 7K

O mal tempo non será impedimento para a celebración da proba. Salvo cas alertas metereolóxicas emitidas polo CAE 112 impliquen un risco non asumible para o participante. A organización poderá interrompir a proba en calquer punto se considera que poida haber serio perigo para a integridade física dos corredores, ou en casos de forza maior.

3.- PARTICIPANTES:

Para participar na proba cada inscrito deberá levar o dorsal de forma visible para facilitar o labor de control da proba. Así mesmo facilitarase os corredores do TRAIL un chip para control de tempos que deberá colocarse correctamente na zapatilla. Se non se coloca correctamente é posible que non apareza reflexado nas clasificacións finais, non admitíndose reclamación algunha ao respecto.

Tódolos participantes están obrigados a auxiliar aos accidentados e a respetar as normas de circulación nos cruces e estradas.

É obrigatorio utilizar roupa e calzado adecuado para carreiras de montaña, autorizándose a utilización de bastóns. De elixir levar bastóns, éstos deberan ser portados durante toda a proba, non podendo desprenderse deles durante todo o percorrido.

Os participantes corren baixo a súa responsabilidade. Sobre eles recae a decisión da saída e realización da carreira. É responsabilidade de cada participante estar físicamente preparado para realizar a proba. Os participantes eximen á organización das reclamacións ou demandas basadas en supostas accións ou non acción dos participantes u outros que actuen ó seu favor, así como das demandas resultantes dos danos que poidan sucederlles a eles como aos seus materiais.

Os participantes o proceder a súa inscrición asumen todos os apartados deste regulamento.

4.- VOLUNTARIOS:

Prestarán asistencia e facilitarán información aos corredores un grupo de voluntarios claramente identificados, situados en cruces e avituallamentos.

5.- A ORGANIZACIÓN:

Correrá a cargo da Asociación de nenas, nenos e xente nova con diabetes ANEDIA. Resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a súa suspensión en caso de condicións meteorolóxicas adversas

Os participantes exoneran á organización de toda responsabilidade en caso de accidente ou lesión.

O percorrido non estará pechado ó tráfico polo que hai que respetar o código de circulación e extremar as precaucións ó cruzar calquera estrada ou ao chegar a un cruce.

A organización resérvase os dereitos exclusivos sobre as imaxes, vídeo e información da proba, nas que poidan aparecer participantes que permite coa inscrición o seu uso e distribución e para utilizar este material para a publicidade, relacións públicas ou outros fins xornalísticos ou promoción do evento. Calquera proxecto multimedia ou publicidade ten que ter o consentimento previo da organización. Para todo o non especificado no regulamento a comisión organizadora disporá unha solución o antes posible.

6.-CATEGORÍAS:

ABSOLUTA (FEMENINA E MASCULINA)

SENIOR (FEMENINA E MASCULINA): participantes de menos de 40 anos no 1 de xaneiro do 2022

VETERANOS 1 (FEMENINA E MASCULINA): participantes de 40 anos a 45 anos no 1 de xaneiro do 2022.

VETERANOS 2 (FEMENINA E MASCULINA): participantes maiores de 45 anos o 1 de xaneiro do 2022.

Poderán participar no TRAIL aquelas persoas maiores de 16 anos.

Na andaina poden participar menores de idade sempre acompañados dun adulto.

Os menores de idade que queiran participara no trail ou na andaina deberán entregar unha autorización firmada polos titores.

7.- INSCRICIÓN:

A data de apertura de inscricións é o 3 de Decembro do 2021 às 22:00.Na

web: www.galitiming.com

8.- DORSAIS:

Pódense recoller dende ás 9h do domingo 30 de xaneiro ata antes da saída de cada carreira.

A saída encóntrase no Campo de Fútbol de O Medo – Vilariño (Pereiro de Aguiar) – Ourense. Para poder retirar o dorsal hai que presentar o D.N.I. Para poder retirar o dorsal unha terceira persoa ten que presentar unha fotocopia do D.N.I. do titular de dito dorsal e a autorización de recollida correctamente cuberta.

Para retirar os dorsais haberá que cumprimentar e firmar unha declaración de saúde e o protocolo COVID19. Ambos documentos serán aportados pola organización.

9.-PREZO:

→ TRAIL 17K (Disporanse de ata 250 prazas.)

Ata o 23 de Xaneiro do 2022 ás 23:59 horas: 15 euros

A partir do 24 de Xaneiro do 2022 poderanse modificar o importe da inscrición.

→ ANDAINA 7K (Disporanse de 150 prazas)


Ata o 23 de Xaneiro do 2022 ás 23:59 horas: 5 euros.

A partir do 24 de Xaneiro do 2022 poderanse modificar o importe da inscrición.

Se a proba se cancela por motivos sanitarios (COVID19), a inscrición será reembolsada íntegramente.

Ata o 23 de xaneiro de 2022 poderáse anular ou variar a inscrición (incluídos cambio de titular do dorsal), tendo en caso de anulación, dereito á devolución da mesma (*gastos de devolución: 3 Euros*). A partir do 24 de xaneiro non se poderá anular nin variar a inscrición. Todos os participantes contarán con seguro de accidentes durante a proba, sempre que non sexan provocados por unha imprudencia do participante. A organización inhiíbese de calquer accidente que sufra o participante fora do percorrido. A inscrición dá dereito a participar na proba, seguros, avituallamentos, gardarroupa, duchas, obsequios, servizo de gardería ofrecidos pola organización. Haberá servizo de Gardarroupa, coa recollida e devolución no Campo de Fútbol de O Medo – Vilariño (Pereiro de Aguiar) – Ourense.

O Concello de Pereiro de Aguiar pon a disposición dos corredores un servizo de duchas no campo de fútbol de o Medo. Sempre ca situación do COVID 19 e as restricións sanitarias impostas así o permitan. A **organización aconsella utilizar o aparcamento** preto do Campo de Fútbol, **esto é beirarrúas da N120A o seu paso por Vilariño conforme o plano que se aporta.** O parking nas inmediación do campo de Fútbol debe quedar baleiro para facilitar o transcurso da proba.



10.- MATERIAL OBRIGATORIO

- Trail 17K e Andaina
 - Teléfono móvil con batería cargada
 - Contenedor de agua
 - Manta térmica
 - Zapatillas de montaña

Dito material ten que estar visible no momento de entrar na zona de saída para poder chequear.

Non dispor deste material será motivo de descalificación.

11.- SERVICIO SANITARIO:

Haberá persoal médico-sanitario con potestade para retirar o dorsal a calquer corredor cando considere que a sua saude está en perigo.

12.- SINALIZACIÓN E CONTROIS:

O percorrido estará sinalado con cinta de balizar e sinais, sendo obrigatorio o paso polos controis de paso que se establezan pola organización.

13.- AVITUALLAMIENTOS:

- TRAIL 17K
 - Un avituallamento líquido e sólido no km 4 e 9.
- ANDAINA 7K
 - Un avituallamento líquido e sólido no km 4.

Avituallamento final líquido e sólido na meta (Campo de Fútbol de O Medo)

Os avituallamentos encóntranse en lugares visibles e sinalados. Recoméndase o participante levar sistema de hidratación propio. Disporase de contedores para residuos orgánicos e envoltorios de plástico. Non existirá ningún punto para depositar basura pasado o control de avituallamento. Está prohibido o avituallamento e a axuda externa durante o desarrollo da carreira de calquer persona non participante. Así mesmo está prohibido sair da zona de avituallamento con calquer tipo de envase ou envoltorio.

14.- RETIRADAS E TEMPOS DE CORTE.

1. TRAIL 17K. TEMPO DE CORTE

- Corte avituallamento (sólido líquido) 9 kms aproximadamente. 2 horas dende a saída (12:00 horas)
- Peche de meta: 3 horas e 30 minutos dende a saída (13:30 horas)

2. ANDAINA 17 K. TEMPO DE CORTE

- Corte avituallamento (sólido líquido) 4 kms aproximadamente. 2 horas dende a saída (12:30 horas)
- Peche de CHEGADA: 3 horas e 30 minutos dende a saída (14:00 horas)

Así mesmo os corredores Escoba teñen a potestade para retirar da proba a calquera corredor se o seu estado de saúde así o aconsella.

15.- DESCALIFICACIÓN:

Será descalificado todo o corredor que non cumpra o presente regulamento, non complete a totalidade do percorrido, deteriore ou ensucie o entorno, non leve o seu dorsal ben visible, sexa imprudente ou temerario na desarrollo da proba, abandoe pola súa conta o percorrido marcado pola organización ou desatenda as indicacións da organización. A descalificación traerá consigo a perda dos dereitos do participante fixados no punto 9 deste regulamento.

16.- TROFEOS:

Entregaranse os seguintes trofeos:

→ Aos tres primeiros clasificadas/os da **categoría absoluta**, tanto feminino coma masculino.

Os tres primeiros clasificadas/os da categoría Senior e os das categorías Veteranos recibirán unha **medalla conmemorativa**, tanto feminino coma masculino.

NOTA: **Os trofeos non son acumulativos**. A entrega de trofeos realizarase no Campo de Fútbol de O Medo (Vilariño- Ourene) arredor da 12:30 horas. O non estar presente na mesma, anularáse o dereito a recibir os mesmos.

17.- MODIFICACIÓNS DO REGULAMENTO

O regulamento pode ser modificado en calquer momento pola organización, por previsión meteorolóxica ou por calquer tipo de circunstancia necesaria.